

RESOLUCIÓN do 17 de abril do 2019, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se resolven as solicitudes para o acceso temporal ao ámbito da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira a diversas embarcacións.

Antecedentes.

1. O 10/04/2019, na reunión do órgano de xestión, seguimento e control (en adiante Oxesco) da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (en adiante Remip-Ría de Cedeira), a Confraría de pescadores entrega as solicitudes das seguintes embarcacións para acceder á Remip coas modalidades e períodos:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2019
"O MEIXON"	3ª-CO-1-1-09	>1,5 GT (2,09 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive)
"PLAYA SONREIRA" DE	3ª-FE-4-2-07	>1,5 GT (1,64 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive)
"O CANOURA"	3ª-FE-5-1-16	≤1,5 GT (1,5 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive) ¹
"HORA BUENA"	3ª-VI-4-5553	<1,5 GT (1,12 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive) ¹
"GAVILÁN"	3ª-FE-3-1632	≤1,5 GT (1,5 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive) ¹
"ÁNGEL"	3ª-FE-4-1-196	≤1,5 GT (0,94 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive) ¹
"FALCOEIRA"	3ª-FE-4-10-05	>1,5 GT (1,70 GT)	Nasa Centola	Desde 01/03/2019 ata 31/05/2019 por Resolución da DXPAI ²
"CARMEN"	3ª-FE-3-1953	≤1,5 GT (0,55 GT)	Nasa Centola	Desde 01/03/2019 ata 31/05/2019 por Resolución da DXPAI ²

¹ Para poder faenar estas catro embarcacións deberán dispor da resolución do cambio temporal de modalidade para esa arte, o cal deberán remitir á presidencia do Oxesco.

² Para poder faenar desde o 3 de xuño ata o comenzo da veda na provincia da Coruña, estas dúas embarcacións deberán dispor do cambio temporal de modalidade para esa arte e para o período mencionado, o cal deberán remitir á presidencia do Oxesco.

2. Xunto ás solicitudes entregouse o informe elaborado pola asistencia técnica respecto ao estado da pesquería da nasa nécora e camarón no ámbito da reserva mariña.

3. Na data 12/02/2019 a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica autorizou o cambio de modalidade para nasa centola ás embarcacións "FALCOEIRA" e "CARMEN" dende o 1 de marzo ata o 31 de maio do 2019.





Consideracións legais e técnicas.

1. O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira (DOG núm. 33, do 17 de febreiro de 2009; corrección de erros DOG núm. 49, do 11 de marzo de 2009) establece, no seu artigo 4º, as actividades permitidas e limitacións no uso da reserva. Entre as actividades permitidas:

“A) A pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona: anzóis, nasas, enmalle nas modalidades tradicionalmente autorizadas e de conformidade co establecido no Plan de xestión integral a que se refire o artigo 7º.”

2. O artigo 8º, no que se regulan as condicións de acceso ao ámbito da reserva mariña, establece que poderán exercer a pesca marítima profesional neste ámbito as embarcacións de arqueo igual ou inferior a 1,5 GT. Non obstante, na epígrafe 3 do artigo 8º.1 tamén se determina:

“[...]”

Co fin de adecuar as posibilidades reais de pesca ao estado dos recursos e ás características da frota, a dirección xeral competente en materia de recursos mariños, por proposta do órgano de xestión, seguimento e control, poderá autorizar temporalmente o acceso a embarcacións de arqueo superior a 1,5 GT. En todo caso, respectaranse os fins perseguidos no ámbito da reserva e recollidos no artigo 1.2 deste decreto e teranse en conta os informes técnicos emitidos ao respecto.”

3. A Orde do 18/08/2010 (DOG núm. 173, do 8 de setembro de 2010), pola que se regula o uso e xestión da Remip-Ría de Cedeira, define no seu artigo 4 os usos pesqueiros permitidos:

“1. [...] poderán desenvolver a pesca marítima profesional nas áreas non delimitadas como reservas integrais e como zonas de protección especial, coas seguintes artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona:

a) Artes de anzol: liña/cordel e palangriño.

b) Nasas: nasa nécora, nasa polbo e nasa camarón.

c) [...]”

Non obstante, nas augas continentais respectarase a normativa relativa ao uso e calamento das artes de anzol e enmalle.”

4. O Plan de xestión integral para o ano 2019, aprobado pola Resolución do 20/12/2018 da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica regula o uso das artes de enmalle, anzol e nasas e as principais pesqueiras con elas nas súas epígrafes 2.6.2.1, 2.6.2.2 e 2.6.2.3, respectivamente.

5. O 10 de abril do 2019, na reunión do Oxesco, analizouse o informe do 1 de abril do 2019 da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico de Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

6. O 16 de abril do 2019, o Oxesco emitiu proposta favorable respecto as solicitudes presentadas polas embarcacións "O MEIXON", "PLAYA DE SONREIRA", "O CANOURA", "GAVILÁN" e "ÁNGEL", "FALCOEIRA" e "CARMEN". En relación coa embarcación "HORA BUENA" faráselle un seguimento do emprego ou non da arte nasa nécora e camarón, de cara a concesión dos permisos especiais-temporais do ano 2020.



7. O artigo 8 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Autorizar o acceso temporal ao ámbito da Remip-Ría de Cedeira ás seguintes embarcacións coas modalidades e períodos que se indican a continuación:

Embarcación	Matrícula	Tipoloxía	Modalidade de solicitude	Período solicitado 2019
"O MEIXON"	3 ^a -CO-1-1-09	>1,5 GT (2,09 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive)
"PLAYA SONREIRA" DE	3 ^a -FE-4-2-07	>1,5 GT (1,64 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive)
"O CANOURA"	3 ^a -FE-5-1-16	≤1,5 GT (1,5 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive) ¹
"HORA BUENA"	3 ^a -VI-4-5553	<1,5 GT (1,12 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive) ¹
"GAVILÁN"	3 ^a -FE-3-1632	≤1,5 GT (1,5 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive) ¹
"ÁNGEL"	3 ^a -FE-4-1-196	≤1,5 GT (0,94 GT)	Nasa Nécora e Camarón	1 de xullo – 31 de decembro (ambos inclusive) ¹
"FALCOEIRA"	3 ^a -FE-4-10-05	>1,5 GT (1,70 GT)	Nasa Centola	Desde 01/03/2019 ata 31/05/2019 por Resolución da DXPAI ²
"CARMEN"	3 ^a -FE-3-1953	≤1,5 GT (0,55 GT)	Nasa Centola	Desde 01/03/2019 ata 31/05/2019 por Resolución da DXPAI ²

¹ Para poder faenar estas catro embarcacións deberán dispor da resolución do cambio temporal de modalidade para esa arte, o cal deberán remitir á presidencia do Oxesco.

² Para poder faenar desde o 3 de xuño ata o comenzo da veda na provincia da Coruña, estas dúas embarcacións deberán dispor do cambio temporal de modalidade para esa arte e para o período mencionado, o cal deberán remitir á presidencia do Oxesco.





As embarcacións deberán cumprir as condicións establecidas na Orde do 18/08/2010 e no Plan de xestión integral aprobado para 2019 para as respectivas modalidades e pesqueiras autorizadas.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Mercedes Rodríguez Moreda

